

ACTA ASEMBLEA ABERTA DE MOCIDADE CHANTADA

ÁMBITO

LOCALIDADE: Chantada
COMARCA: Lugo Sul
DATA: 15/04/2016
LUGAR DE REALIZACIÓN: Casa Sindical

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES: 4
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 3 (de 17 anos, unha xa se afilou nestes días)

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

Marcos Fernández (militante GN Ourense)

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 4
DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1 hora
METODOLOXÍA EMPREGADA
coloquio

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:

Conclusións das intervencións en canto á situación do nacionalismo:

- O BNG debe mellorar a forma de achegarse á mocidade.
- Débese acadar a unificación do nacionalismo. “Deixando atrás os rifirrafes”.
- O nacionalismo transmite unha mostra de inestabilidade interna que se debería de reparar.

- **Queixas sobre a situación da mocidade na localidade de Chantada**

- Apuntan que hai **dous centros de ensinanza**. Un é tamén de formación profesional mais ESO e bacharelato, onde hai máis profesores case que alumnos e vai a xente que non aproba no outro cento. En consecuencia, na selectividade as notas deste centro son baixas.
- Chantada, localidade que vive do **sector gandeiro**, pero que lle pagan 0.15 €/L, o que provoca unha migración tanto das xeracións novas coma das vellas.
- Levaron a cabo unha denuncia por **machismo** a un alumno do centro.
- Temas **burocráticos**, sinalan que os ten que facer en Lugo (tardan 1 hora en chegar), en vez de en Ourense (que se tarda 30 minutos). O mesmo pasa na sanidade, onde se teñen que desprazar ao Centro Hospitalario de Lugo.
- Apuntan que sería interesante a **creación do “Museo Guerrilla”** (o piloto), que foi unha iniciativa do BNG pero non ten representación no concello.
- Incitan a que se explote o **turismo**, posto que tamén se sitúan en parte da Ribeira Sacra e non está exprimida como se debería.
- **Sector servizos**: unha soa ambulancia, non ten escola de idiomas (a pesar das máis de 140 firmas que se recadaron para ter clase), a gardería non chega para os nenos e moitos quedan fora.
- **O concello non promove o eido cultural**, nin tan sequera no Castañazo, e é a Deputación a única que fai algo.
- **Non posúen de buses** dende os pobos ate a vila. E moitas aldeas carecen de bus escolar.
- Queren **unificar os concellos** de: Chantada, Carballedo e Taboada. Co que significa administrativamente. E os rapaces non están dacordo.